- Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos do curso.
- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxetivos programados no curso.
- Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente.

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior

Criteria para a ampliación de matrícula

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No Departamento de Tecla, os profesores tutores, informarán ós demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faránlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido á perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

Atención a diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanza xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos.

Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Proponer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con exixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ó alumno individualmente.

GRAO PROFESIONAL. 6º CURSO

O deseño dos currículos dos Graos Elemental e Medio dun ensino instrumental ha de cubrir o período de formación máis decisivo da educación dun intérprete. No caso do piano, tanto o carácter de solista que é propio do instrumento como o abundante repertorio de gran factura que esixe o seu estudo, fan aínda máis palpable a evidencia desta afirmación.

O Grao Profesional é o período onde o dominio da técnica instrumental debe quedar practicamente resolto, así mesmo, o desenvolvemento das capacidades estéticas, debe chegar a discernir con claridade épocas, autores e estilos básicos dentro dos convenios interpretativos ao uso. É tamén o momento de desenvolver un hábito de estudo suficiente en número de horas, e eficiente en canto á súa distribución e aproveitamento. A música debe entenderse como un modo de expresar, dunha parte, sentimentos e sensacións, pero tamén, e iso é moi importante, como unha linguaxe, cunha estética e características propias, dentro dos parámetros de temporalidade e espacialidade que lle son connaturais.

Percibir todo isto implica adoptar un compromiso artístico que, ao termo desta fase, debería ser claro e posibilitar o ulterior desenvolvemento dunha verdadeira personalidade como intérprete.

A educación do músico, tanto intérprete como compositor, debe pasar necesariamente por unha toma de conciencia da necesidade dunha vagaxe cultural interdisciplinar, e de moitas horas diarias de dedicación ao cultivo da técnica. A formación dun pianista non debe ser insensible a esta realidade, e os Graos Elemental e Profesional teñen como obxectivo conseguir, en última instancia, sentar as bases sólidas para posibilitar a profundización artística que se reserva ao Grao Superior.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Grao profesional:

- Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar a calidade da música.
- Coñecer os valores da música.
- Participar en actividades de animación musical e cultural.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical, como parte do patrimonio histórico e cultural.

- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e do galego en particular, como medio no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Obxectivos específicos:

- Superar con dominio e capacidade crítica os contenidos e os obxectivos formulados nas materias que componen o currículo.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas carecterísticas.
- Utilizar o oído interno como base da afinación e da intepretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.
- Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.
- Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a trasposición.
- Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.

Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Obxectivos do 6º curso

- Perfeccionar todos os tipos de ataques.
- Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento axeitado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.
- Incrementar o adestramento da memoria.
- Profundizar nas audicións críticas.
- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes. Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.
- Flexibilidade e axilidade na execución.
- Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Práctica de arpexios en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Perfeccionamento de todos os tipos de ataques.
- Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenrolo da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.
- Perfeccionamento dos estudos dos pedais en todos os períodos.
- Incremento do adestramento da memoria.
- Profundización das audicións críticas.
- Participación en audicións públicas.

Contidos mínimos

- O alumno interpretará dous estudos técnicos, unha obra barroca, unha obra clásica e unha obra a escoller entre unha peza romántica ou unha moderna. Ademais deberá realizar os exercicios, escalas e arpexios indicados polo tutor.
- Como mínimo tocará unha obra de memoria.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido.

(Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.)

- Obras didácticas.



- Estudos Op. 740 e 365, Czerny.
- Gradus ad Parnassum, Clementi.
- Estudos de Chopin, Cramer e Moszkowski
- Obras barrocas.
 - Clave ben temperado, Bach.
 - Suites, partitas, Bach
- Obras clavecinísticas:
 - Sonatas, Soler.
 - Sonatas, Scarlatti.
 - Sonatas, Mateo Albéniz
- Obras clásicas:
 - Sonatas y variacions, Haydn, Mozart, Beethoven.
- Obras románticas.
 - Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.
- Obras modernas:
 - Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, Granados etc.

Criterios de avaliación

1er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás exixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención á calidade do son.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control as obras eleixidas do repertorio.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedalización, fraseo.

2º trimestre



- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás exixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar as obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedalización, fraseo.

3er trimestre

- Utilizar o esforzo muscular adecuado ás esixencias da execución.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Demostrar o dominio técnico e musical na execución do repertorio traballado.
- Demostrar sensibilidade auditiva no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a modos de ataque e execución, no uso do pedal e nas cuestións dinámicas, con atención a calidade do son.
- Interpretar as obras esixidas en cada curso segundo o programa.
- Interpretar de memoria con fluidez, seguridade e control.
- Resolver con autonomía os problemas técnicos e de interpretación que poidan presentarse nas partituras: dixitación, pedalización, fraseo.
- Será imprescindible que o alumno complete a lo menos 2 estudos técnicos e 3 obras de diferentes estilos.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.
- Valorarase que o alumno toque polo menos unha vez en público durante o curso.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo, e tendo en conta as distintas capacidades do alumno.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.



O profesor poderá realizar exames mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.

O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicions ou concertos programados polo departamento.

A calificación final non será a media das calificacións parciais. Esta calificación final será a que teña en conta o desenrolo da capacidade do alumno durante o curso. Significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos: 40%

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno etc...

-Criterios estéticos: 40%

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc...

-Criterios actitudinais: 20%

Actitude, interese, comportamento...etc..

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade — máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

- O alumno deberá interpretar o programa de acordo con contidos e obxectivos do curso.
- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.
- No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

Se non se acadara unha cualificación positiva no exame, o alumno terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de xuño.

Probas extraordinarias de xuño

A proba extraordinaria de xuño consistirá nos seguintes puntos:

- Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos do curso.
- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxetivos programados no curso.
- Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente.

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha calificación positiva no curso superior

Criteria para a ampliación de matrícula

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No Departamento de Tecla, os profesores tutores, informarán ós demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faránlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido á perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

Atención a diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanza xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos.

Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Proponer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con exixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

Acelerar ou frear o ritmo de introducción de novos contidos adaptándose ó alumno individualmente.

7. PROBAS DE ACCESO.

Grao elemental. 2º curso

- O tribunal escollerá, entre as obras que propoña o aspirante, o número de exercicios que considere oportuno en función da dificultade e lonxitude dos mesmos.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo)

- O piano, Tchokov-Gemiu.
- Musigato, María Vacca
- Mi primer libro de piano, C. Amat.
- Cadernos de Adriana, García Abril.
- Cantos de España, Nömar.
- Sete Xoguetes, Groba.
- 15 pezas Infantís, Durán.
- Meu primeiro libro de piano, Lemoine.
- Estudos Op.599, Czerny.
- Os cinco dedos, Czerny.
- Mikrokosmos Vol.1, a partir do nº 17, Bartok.

Criterios de avaliación.

- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.



- Interpretar con seguridade, dominio das dificultades técnicas, correcta posición ante o piano e control da situación, atendendo á calidade do son.
- Valorarase positivamente que o alumno sente correctamente fronte ao teclado, e non presente tensións innecesarias no transcurso da interpretación.
- Será imprescindible que o alumno coloque correctamente a man sobre o teclado, e non presente tensións nos dedos, que dificulten a interpretación.
- Será imprescindible que o alumno interprete con corrección no referente á lectura de notas e figuras, así como as indicacións dinámicas máis sinxelas. Ritmo e pulso.
- Valorarase positivamente a realización da frase nas pasaxes melódicas máis sinxelas.

Grao elemental. 3º curso

- O tribunal escollerá entre as obras que propoña o aspirante o número de exercicios que considere oportuno en función da dificultade e lonxitude dos mesmos.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademáis o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo)

- Mi primer libro de piano, C. Amat
- Musigato, María Vacca
- Álbum de Ana Magdalena, Bach.
- Estudos Op. 150, Kohler.
- Estudos Op. 151, Kohler
- For Children, Bartok.
- Estudos, Burgmuller.
- Pezas infantís, Durán.
- Sete Xoguetes, Groba.
- O piano, Tchovov-Gemiu
- Album da mocidade, Schumann.
- Sonatinas de Diabelli, Clementi, Beethoven etc.
- Pezas para nenos, Kabalevski.

Criterios de avaliación.

- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.



- Interpretar con seguridade, dominio das dificultades técnicas, correcta posición ante o piano e control da situación, atendendo á calidade do son.
- Valorarase positivamente que o alumno sente correctamente fronte ao teclado, e non presente tensións innecesarias no transcurso da interpretación.
- Será imprescindible que o alumno coloque correctamente a man sobre o teclado, e non presente tensións nos dedos, que dificulten a interpretación.
- Será imprescindible que o alumno interprete con corrección no referente á lectura de notas e figuras, así como as indicacións dinámicas máis sinxelas. Ritmo e pulso.
- Valorarase positivamente a realización da frase nas pasaxes melódicas máis sinxelas.

Grao elemental 4º curso

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras completas de diferentes estilos de libre elección (unha de Bach). No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos.
- Valorarase que as obras sexan interpretadas de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Obras didácticas:
 - Estudos op. 100, Burgmuller.
 - Estudos op. 849, Czerny.
 - Estudos op.100, Bertini.
 - Estudos op. 37, Lemoine.
- Obras barrocas:
 - Álbum de Ana Magdalena, Bach
 - Pequenos preludios, Bach.
- Obras clásicas:
 - Sonatinas de Beethoven, Diabelli, Clementi, etc.
- Obras Románticas:
 - Álbum da xuventude, Tchaikowsky.
 - Album da xuventude, Schumann
 - Valses, Schubert.
- Obras modernas:
 - Pezas infantís; Shostakovich.
 - Danzas das bonecas, Shostakovich

- Pezas infantís, Prokofiev.
- Pezas infantís, Casella.
- 5 dedos, Stravinsky.

Criterios de avaliación.

- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar con seguridade, dominio das dificultades técnicas, correcta posición ante o piano e control da situación, atendendo á calidade do son.
- Valorarase positivamente que o alumno sente correctamente fronte ao teclado, e non presente tensións innecesarias no transcurso da interpretación.
- Será imprescindible que o alumno coloque correctamente a man sobre o teclado, e non presente tensións nos dedos, que dificulten a interpretación.
- Será imprescindible que o alumno interprete con corrección no referente á lectura de notas e figuras, así como as indicacións dinámicas máis sinxelas. Ritmo e pulso.
- Valorarase positivamente a realización da frase nas pasaxes melódicas máis sinxelas.

Grao profesional. 1º curso

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras de libre elección de diferentes estilos (unha delas preferiblemente de Bach). No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos. Unha das obras, como mínimo, deberá interpretarse de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Obra barrocas:
 - Invencións a dúas voces Bach.
 - Pequenas preludios e fugas, Bach
- Obras clásicas:
 - Sonatinas de Diabelli, Clementi, Beethoven, Mozart...
 - Sonatas, Haydn.
 - Valses, Beethoven.
- Obras románticas:
 - Álbum da xuventude, Schumann.
 - Álbum da xuventude, Tchaikowski
 - Romanzas sen palabras, Mendelssohn.
 - Pezas líricas, Grieg.
- Obras modernas:
 - Mikrokosmos vol 3 e 4, Bartok.
 - Pezas infantís, Casella.
 - For children, Bartok
 - O pequeno negro, Debussy.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta e estable, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes. Balance entre as mans.
- Mostrar un suficiente control da memoria.
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido. Control do oído.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

Grao profesional. 2º curso

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras de libre elección de diferentes estilos (unha delas preferiblemente de Bach). No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos. Unha das obras, como mínimo, deberá interpretarse de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Obra barrocas:
 - Invencións a dúas voces Bach.
 - Pequenas preludios e fugas, Bach
- Obras clásicas:
 - Sonatinas de Diabelli, Clementi, Beethoven, Mozart...
 - Sonatas, Haydn.
 - Valses, Beethoven.
- Obras románticas:
 - Álbum da xuventude, Schumann.
 - Álbum da xuventude, Tchaikowski
 - Romanzas sen palabras, Mendelssohn.
 - Pezas líricas, Grieg.
- Obras modernas:
 - Mikrokosmos vol 3 e 4, Bartok.
 - Pezas infantís, Casella.
 - For children, Bartok
 - O pequeno negro, Debussy.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta e estable, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes. Balance entre as mans.
- Mostrar un suficiente control da memoria.
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido. Control do oído.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

Grao profesional. 3º curso

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras de libre elección de diferentes estilos (unha delas preferiblemente de Bach). No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos. Unha das obras, como mínimo, deberá interpretarse de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Obras barrocas:
 - Invencións a dúas ou tres voces, Bach.
 - O Clave ben temperado (Preludios), Bach
- Obras clásicas:
 - Sonatas de Haydn.
 - Sonatas, Variacions de Mozart.
 - Sonatas e Variacions de Beethoven
 - Sonatas de Clementi.
- Obras románticas:
 - Mazurcas, Preludios, Nocturnos, Valses de Chopin.
 - Momentos Musicais de Schubert.
 - Romanzas sin palabras de Mendelssohn.
- Obras modernas:
 - Preludios de Debussy.
 - Preludios Op.34 de Shostakovich.
 - Danzas españolas de Granados.
 - Obras de Scott Joplin.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.
- Mostrar un suficiente control da memoria
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

Grao profesional. 4º curso

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras de libre elección de diferentes estilos (unha delas preferiblemente de Bach). No caso de que unha obra teña varios movementos, deberanse interpretar todos. Unha das obras, como mínimo, deberá interpretarse de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Obras barrocas:
 - O Clave ben temperado, Bach
- Obras clásicas:
 - Sonatas de Haydn.
 - Sonatas, Variacións de Mozart.
 - Sonatas e Variacións de Beethoven
 - Sonatas de Clementi.
- Obras románticas:
 - Mazurcas, Preludios, Nocturnos, Valses de Chopin.
 - Momentos Musicais de Schubert.
 - Romanzas sin palabras de Mendelssohn.
- Obras modernas:
 - Preludios de Debussy.
 - Preludios Op.34 de Shostakovich.
 - Danzas españolas de Granados.
 - Obras de Scott Joplin.

Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.
- Mostrar un suficiente control da memoria
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

Grao profesional. 5º curso

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos. Unha das obras, como mínimo, deberá interpretarse de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba teórico-práctica para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Obras barrocas:
 - Clave ben temperado de Bach.
 - Obras de Scarlatti, Padre Soler e Mateo Albéniz.
- Obras clásicas:
 - Sonatas, Variacións de Mozart.
 - Sonatas de Haydn.
 - Sonatas, Variacións de Beethoven.
- Obras románticas:
 - Impromptus Op.90 e Op. 142 de Schubert.
 - Nocturnos, valsas, polonesas, preludios de Chopin.
 - Esceas do Bosque Op.82 de Schumann.
- Obras Modernas:
 - Contos da Avoa Op.31 de Prokofiev.
 - Preludes de Rachmaninov.
 - Danzas Xitanas de Turina.



Criterios de avaliación.

Deberase mostrar unha suficiente madurez técnica e musical, que permita cursar os estudos de Grao Profesional de acordo cos seguintes criterios:

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.
- Mostrar un suficiente control da memoria
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

Grao profesional. 6º curso

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos. Unha das obras, como mínimo, deberá interpretarse de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais. Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Lémbrese a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba teórico-práctica para valorar os coñecementos dos cursos anteriores, debendo consultar para iso as programacións das materias.

Lista orientativa de obras.

(Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

- Obras barrocas:
 - Clave bien temperado, Suites, Partitas de Bach.
 - Concerto italiano, Bach
 - Suites de Händel.
- Obras clásicas:
 - Sonatas, variacions de Mozart.
 - Sonatas de Haydn.
 - Sonatas, variacions de Beethoven.
- Obras románticas:
 - Polonesas, Impromptus de Chopin.
 - Unha das Rapsodias Op.79 de Brahms.
 - Papillons Op.2 de Schumann.
- Obras modernas:
 - Preludes de Debussy.
 - Sonatina de Bartok
 - Momentos Musicales, Preludios de Rachmaninov.
 - Escenas románticas, Goyescas, Granados.
 - Obras de Falla, Albéniz, Turina.

Criterios de avaliación.

- Mostrar unha posición ante o piano correcta, que permita controlar as dificultades mecánicas do instrumento.
- Demostrar un grao suficiente de dominio técnico que permita superar as dificultades do repertorio tendo en conta os seguintes elementos: Igualdade e independencia de dedos. Coordinación entre ambas as mans. Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios. Técnica das notas dobres e xogo polifónico. Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes e oitavas.
- Mostrar un suficiente control da memoria
- Interpretar as obras empregando a medida, balance sonoro, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- Interpretar as obras de acordo cos criterios do estilo correspondente, referente a fraseo, pedais e dinámica.
- Interpretar con seguridade e control da situación, atendendo a calidade do son.

8. PREMIOS FIN DE GRAO

Revisada a orde do 10 de marzo de 2009 que regula os premios fin de grao, decídese que a proba correspondente a especialidade de Piano sexa a interpretación de memoria de un recital de al menos 20 minutos de duración, con obras elixidas libremente polos aspirantes. No caso de presentar Sonatas ou Suites, estas deberán poder interpretarse completas. (O Tribunal resérvase o dereito de escoitar o programa completo ou só unha parte, dependendo da súa duración).

Criterios de avaliación:

Para a concesión do premio fin de grao na especialidade de piano, deberase demostrar un sobresaínte grao no dominio técnico e musical no repertorio presentado, de acordo cos parámetros seguintes:

- Utilizar o esforzo muscular con control e adecuación ás esixencias técnicas do repertorio executado e axeitado para iniciar estudos superiores.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva refinada no uso das posibilidades sonoras do piano no relativo a tipos de ataques, utilización dos pedais e control dinámico, fraseo, con especial énfase na calidade do son.
- Interpretar o repertorio con fluidez, seguridade e autocontrol en relación co uso da memoria.
- Resolver con autonomía e alto grao de virtuosismo os problemas técnicos que se presenten nas obras: independencia dos dedos, notas dobres, técnicas de muñeca, brazo e antebrazo, xogo polifónico, tecnicas do paso do pulgar, etc
- Demostrar criterios interpretativos persoais e orixinais, cun alto grao de madurez artística, en coherencia cos diferentes estilos interpretados, e con fidelidade ao texto e ás convencións interpretativas da época.
- Demostrar un notable grao de madurez para interpretar un repertorio pianístico como solista.
- Demostrar a capacidade real de realizar estudos de grao superior, e o talento para unha posible carreira musical como pianista profesional.